

## ACTA REDONDELA 12/06/2017

Asistentes: 6 persoas

Representación de: Círculo Cultural de Redondela; Cáritas; S.A.R.; Asociación Cultural SEREN



### Temáticas traballadas:

Neste obradoiro traballouse ao redor de dúas temáticas: a mobilidade tanto a nivel territorial como do núcleo de Redondela e a vivenda

### Resultados:

- Mobilidade:
  - Existe acordo sobre a existencia dificultades de conexión e acceso en todo o territorio pertencente ao Concello. Algúns dos puntos conflictivos nomeados, que serán

expostos en plano, son os que seguen:

- Estrada praia Cesantes
  - Cruce Catapeixe
  - Apeadeiro praia Cesantes
  - Baixada Asteleiro
  - Baixada Marina
  - Comunicación Mercado do gando (avenida Mendiño con Telleira)
  - Subida Picota a Pousadouro
  - Subida Pai Crespo, Carretera de Quintela
  - Camiño a Campo de fútbol (non hai accesos)
- A nivel do núcleo de Redondela noméanse varios puntos nos que existen dificultades de acceso en coche e perigosidade peonil
- Vivenda
  - No grupo existe acordo sobre a importancia de non seguir construíndo en altura. Enténdese que o mellor xeito de crecemento para o concello é a través da construción de casas unifamiliares, favorecendo este crecemento en áreas rurais.
  - No debate aparece a necesidade de rehabilitar as vivendas da zona vella do núcleo de Redondela
  - Fálase sobre unha demanda de hoteis á que non se lle dá resposta e que se entende melloraría a oferta de cara o turismo.

## ACTA REDONDELA 05/07/2017

Asistentes: 3 persoas

Representación: S.A.R.

Temáticas traballadas:

Neste segundo obradoiro en Redondela faise unha devolución sobre plano do traballado na anterior xuntanza, amplíase o debate sobre as mesmas temáticas e defínese o futuro de dúas zonas do núcleo da vila.

Resultados:



- Mobilidade:
  - Existe a necesidade de buscar unha saída alternativa ao tráfico que se acumula na Farola
  - Proponse buscar posibles vías para crear unha circunvalación e evitar así os embotellamentos no centro da vila
  - No debate aparece a necesidade de rematar o paseo do Río Maceiras
  - A zona do Convento vese como un punto descoidade que se pode mellorar, tanto en termos de tráfico rodado como de disfrute peonil
  
- Zona 1 U(zona sen construír ao lado dos edificios da cooperativa)
  - Proponse crear e conservar unha ruta peonil que utilice a via morta do tren, utilizando a ponte e chegando ata a estación de tren vella. Considérase que se deben protexer ambos lados da ruta non permitindo a construción de vivendas
  - Enténdese que se debe conservar zona verde e adicar parte do terreno a equipamentos deportivos
  - En caso de construír vivendas detéctase que habería un problema de acceso do tráfico rodado xa que unha vez máis a Farola sería o punto de saída e entrada
  
- Zona 2 (Os Eidos. Zona do AVE)
  - Vese como posible mellora a creación dun parque público con equipamentos na zona do Carrascal.
  - Existe acordo en que esta zona non soportaría máis construción de vivendo e que polo tanto se debería protexer para que non tivese un crecemento non desexado